

documento  
formativo  
de Isca!

# ECONOMÍA POLÍTICA MARXISTA

Apuntamentos para o debate.



**isca!**

[www.iscag2.org](http://www.iscag2.org)



- 1. A lóxica do capital**
- 2. Os ciclos económicos capitalistas**
- 3. Primeiras conclusións**
- 4. Conclusións políticas. A importancia de entender o capitalismo**

## 1. A lóxica do Capital

O capitalismo ten un funcionamento extremadamente complexo, e a súa comprensión profunda require dun estudo metódico, sistemático e moi paciente.

Quizais o primeiro en caer na conta disto foi o propio Marx, quen chegou a afirmar que lle dedicaría o espazo dunhas semanas ao estudo da economía política. Co pasar do tempo as semanas transformáronse en meses, os meses en anos, e finalmente só logrou publicar en vida o primeiro tomo de O capital. Os outros dous tomos que existen foron publicados por Engels, reunindo un conxunto de manuscritos dispersos e desordenados. En total os tres tomos suman unhas tres mil páxinas. Aínda así non pode considerarse unha obra acabada, pois o plan orixinal de Marx incluía dous tomos máis, centrados no estudo da historia da teoría económica e o mercado mundial.

Toda este relato danos unha idea da magnitude da tarefa que pretendemos abordar. Pese a todo, non debemos desanimarnos. É posible realizar unha primeira aproximación básica aos problemas económicos, que sirva como punto de partida para estudos posteriores. A forma máis sensata de facer isto sería seguir un esquema clásico de estudo, explicando primeiramente unha serie de conceptos teóricos de carácter abstracto, como valor de uso, valor de cambio, plusvalía, taxa de ganancia, etcétera. Porén, o enfoque tradicional baseado na mera exposición da teoría xeraría escaso debate entre a militancia, que é outro dos obxectivos que pretendemos conseguir.

Por elo, pensamos que unha das formas máis correctas de empezar é a través dun concepto que percorre e estrutura toda a obra económica de Marx: a lóxica do capital. **Que quere dicir que existe unha lóxica do capital?**

Significa simplemente que, dadas unhas determinadas condicións socio-económicas, marcadas pola existencia da propiedade privada dos medios de produción e as relacións de mercado, haberá toda unha serie de tendencias e

fenómenos sociais que se darán de forma máis ou menos automática, independentemente da vontade dos seres humanos.

É xustamente unha das ideas que Marx intentaba transmitir ao final do capítulo I de O capital, no seu famoso pasaxe sobre o fetichismo das mercadorías. Somos os humanos, todos e todas nós, as que xeramos día tras día as relacións sociais capitalistas: cando mercamos, cando vendemos, cando investimos, cando aforramos e, por suposto, cando traballamos. Porén o aumento da desigualdade, a formación e variación de prezos, o aumento da pobreza e tantos outros fenómenos sociais suceden sen que ninguén poda evitalo. As mercadorías parecen tomar vida propia e actuar de forma autónoma, dominando aos seus propios creadores. Evidentemente é pura aparencia, pois as mercadorías non chegan soas ao mercado, nin teñen na súa forma e estrutura física nada que lles confira un prezo concreto, mais esa aparencia denota un fenómeno real e de extraordinaria relevancia: A falta de control sobre as nosas propias relacións de produción, distribución e consumo.

Precisamente, unha das tarefas do proxecto político socialista consiste en converter ao ser humano no protagonista real da súa propia historia, en lugar de ser un boneco de trapo manexado polas forzas cegas do mercado. Mais para lograr a auténtica liberdade de todos os individuos é necesario que eses individuos se asocien, para controlar colectiva e democraticamente as súas propias condicións de vida e relacións sociais. Niso, e non noutra cousa, consiste o tan desprestixiado comunismo.

Agora, seguidamente, emprenderemos o estudo dunha das máis notorias e relevantes expresións da lóxica do capital, a fin de entender dunha forma máis precisa e concreta o significado deste concepto profundamente revolucionario.

## 2. Os ciclos económicos capitalistas

Empregando unha analoxía de David Harvey podemos pensar no capital como un fluxo permanente, como un sistema circulatorio no que en lugar de sangue circula capital. Da permanencia constante deste fluxo depende que poidamos adquirir todos os nosos medios de vida e que se siga a crear riqueza. Cando a circulación de capital é veloz e constante, aparecen as épocas de crecemento e expansión económica. En cambio, cando a circulación queda paralizada, ou decrece o seu ritmo por baixo de certo límite, aparecen as recesións e crises económicas.

O corazón deste sistema circulatorio, que impulsa aos capitais a moverse ou permanecer quietos, é a busca de ganancias, de oportunidades de inversións rendíbeis. A evolución dos fluxos de capital non é senón un reflexo da propia evolución da rendibilidade ou, en termos marxistas, da Taxa de Ganancia, que ven definida pola seguinte fórmula:

$$TG = \frac{P}{C + V}$$

A letra P representa a plusvalía, a parte de valor que o obreiro produce de forma gratuíta para o capitalista. C é o capital constante, o que se inviste en medios de produción –maquinarias, materias primas, etc. - e V o investido en pagar os salarios, a forza de traballo. A suma de C e V danos o total do capital investido. É importante que reteñamos na mente cada unha destas variables e a súa posición nesta sinxela ecuación para analizar a dinámica cíclica do sistema capitalista.

Nos períodos de auxe económico hai unha elevada rendibilidade, o que significa que os negocios producen altas ganancias. Elo anima aos capitais a realizar un esforzo inversor para expandir a produción, coa esperanza de obter beneficios aínda maiores. Parte deses beneficios van parar ás entidades financeiras e os bancos, os cales volven dar este diñeiro en préstamo con facilidade, confiando en recuperar rapidamente todo prestado cos

correspondentes intereses. A expansión do capital implica tamén un aumento da demanda de traballo, que fai medrar o consumo potenciando o crecemento económico. O Estado pola súa banda beneficiase dunha cómoda situación fiscal, produto da recadación de impostos sobre unha riqueza en aumento permanente.

Durante todo un período todos estes fenómenos parecen retroalimentarse sen fin. Beneficios crecentes dan lugar a inversións crecentes, que nutren os circuítos financeiros e alentan o consumo. Porén, baixo a superficie da prosperidade comezan a incubarse os primeiros xermes dunha futura epidemia.

En primeiro lugar, como xa comentamos, a acumulación acrecentada de capital leva necesariamente consigo unha demanda cada vez maior de forza de traballo. Co crecemento dos traballadores ocupados aumenta a demanda de diversos produtos, pero tamén crecen os salarios. A diminución do desemprego ten ademais o importante inconveniente de fortalecer as posicións dos traballadores como clase, animándoos a presentar cada vez máis demandas de mellora nas condicións de traballo – redución de horarios, vacacións, mellores indemnizacións por despido, etc. Todo elo contribúe a aumentar os gastos derivados do mantemento e reprodución da forza de traballo, levando así a unha redución da taxa de explotación e, polo tanto, da taxa de ganancia.

En segundo lugar, non debemos perder de vista que en cada ramo da produción, o comercio e as finanzas operan múltiples capitais. Dado que, no capitalismo, toda a actividade das empresas está orientada á maior obtención de ganancias posible, é inevitable que cada unha vexa nas demais a un inimigo que lle arrebatara unha porción potencial de mercado. O mercado establécese así como un permanente campo de batalla, no que cada competidor procura ampliar a súa cota de clientes e compradores a costa de todos os demais.

Para gañar esta guerra tanto contra a clase obreira como contra os seus competidores, todos os capitais empregan unha mesma arma: a tecnificación crecente da produción.

Por unha banda, a tecnificación permite desprazar aos traballadores por máquinas, reducindo con elo a presión que exerce a elevada demanda de traballo sobre a extracción de plusvalía e a explotación. Pola outra, o uso de máquinas máis modernas e sofisticadas permite á empresa innovadora aumentar a súa produtividade, reducindo o tempo necesario para producir cada mercadoría. Grazas a elo lograse vender a un prezo inferior ao da media, desprazando ao resto de capitalistas do mercado. Ademais, por un procedemento que sería excesivamente complexo explicar aquí, os capitais innovadores logran adquirir plusvalías extraordinarias. O resto de capitais que participan no mercado vense obrigados a introducir o mesmo tipo de innovacións senón queren acabar quebrando. Cando os novos métodos de produción se expanden ao conxunto das empresas, as vantaxes iniciais da empresa innovadora desaparecen, tanto no referido ás cotas de mercado como ás plusvalías extraordinarias. O resultado final é un abaratamento das mercadorías, acompañado dunha constante revolución no desenvolvemento das forzas produtivas.

A tecnificación permite así salvar temporalmente unha serie de obstáculos que aparecen coa acumulación de capital, pero ao custo de xerar a súa vez novos e máis difíciles problemas.

Para empezar, parece evidente que o investimento en maquinarias debe producir unha nova presión baixista sobre a Taxa de Ganancia, ao aumentar a porción de Capital Constante (C) e reducir o número de traballadores empregados, que son a fin de contas os únicos capaces de xerar plusvalía (P). É precisamente a constatación deste feito o que leva a Marx a falar da Lei da Tendencia Descendente da Taxa de Ganancia (LTDTG). Por suposto, e como xa sinalara tamén o propio Marx, existen tendencias contrarrestantes. Os aumentos de produtividade levan consigo un abaratamento dos propios medios de produción. Abarátanse tamén os bens de consumo que mercan os

traballadores, o que da lugar a que, en termos proporcionais, o salario represente unha porción cada vez menor do total do capital invertido, aumentando a cantidade de plusvalor extraído. Pese a todo, estas tendencias contrarrestantes teñen límites precisos -que sería complicado relatar aquí-, mentres que a tendencia ao aumento do capital constante sobre o variable non ten, a priori, límite coñecido algún, e termina impoñéndose a longo prazo. É por esta razón que Marx mantivo en O Capital a LTDTG como unha das tendencias máis relevantes do sistema capitalista.

Ademais deste efecto deprimente sobre a rendibilidade, a mecanización crecente da produción da lugar a desproporcións económicas. Como vimos, boa parte dos investimentos que os capitalistas realizan para aumentar a produtividade responden á busca de maiores cotas de mercado e ganancias extraordinarias, mais ao estenderse os novos métodos de produción, estas vantaxes desaparecen. Ao final, o único que queda é un maior volume de produción. Se os demais sectores económicos crecen máis ou menos á par, todo o producido nese ramo da produción lograra atopar compradores, pero isto non ten porque suceder así necesariamente. Pode darse entón a situación de que se teña producido unha inmensa cantidade de mercadorías que o mercado non é capaz de absorber. Se as empresas que sofren desta doenza son o suficientemente grandes e importantes no conxunto do complexo económico, producirase un efecto contaxio, pasando dunha sobreprodución parcial dun ramo concreto a unha sobreprodución xeralizada. O problema de fondo residiría en que, contrariamente ao que afirma boa parte da economía burguesa, a oferta non se amplía soamente por estímulos da demanda, senón tamén por estímulos derivados da competencia, polo que o sistema non tende a ningún tipo de “equilibrio xeral”.

Nalgún momento a sobreprodución e a LTDTG, actuando de conxunto e influenciándose mutuamente, terminan deteriorando a rendibilidade e os beneficios ata un punto tal que paralizan a actividade económica, producíndose unha crise. É posible sortear durante algún tempo a chegada da crise mediante a alimentación de circuitos puramente especulativos, a




enxeñería financeira e os estímulos monetarios. É precisamente o que aconteceu na crise económica de 2001, cando a política de créditos baratos da reserva federal de EE.UU., unida ao boom inmobiliario e a proliferación dos chamados derivados financeiros, permitiu prolongar o crecemento económico durante algúns anos máis. Porén é imposible soste este tipo de dinámicas a longo prazo e a crise rematou estoupando igualmente no 2008 cunha escala e virulencia moito maiores.

Coa recesión, pónense en marcha dinámicas diametralmente opostas ás descritas nos ciclos de acumulación e crecemento. As empresas teñen que facer fronte a numerosas débedas, polo que deciden retirar fondos dos bancos. Estes, a súa vez, vendo as dificultades que atravesan todos os negocios, poñen numerosas trabas para outorgar créditos, ao tempo que soben os intereses. Os capitais de menor tamaño e menos competitivos caen na ruína, polo que numerosos traballadores pasan a engrosar as listas do desemprego. A desocupación dos traballadores tradúcese en menos consumo, agravando todos os problemas.

Se no período anterior parecía que a expansión non tiña fin, agora parece que o mundo completo cae desbocado nun pozo sen fondo. Porén, estamos novamente ante unha falsa ilusión. Da mesma forma que a dinámica da acumulación prepara as condicións dunha crise, as crises preparan lentamente as condicións para unha recuperación.

As empresas que logran sobrevivir á recesión atopan un mercado dominado por menos competidores, debido á ruína de moitos negocios. Ademais, esas empresas arruinadas están dispostas a vender os seus equipos a prezos de liquidación, polo que hai unha forte caída nos custos de capital constante. Os traballadores, desesperados e con medo a perder o emprego, aceptan case calquera condición de traballo e os salarios máis miserentos, aumentando a intensidade da explotación. Todos estes factores de conxunto crean progresivamente as condicións para restablecer a Taxa de Ganancia e iniciar unha nova etapa de acumulación de capital.



### 3. Primeiras conclusións

Ao iniciar o texto falamos da existencia da lóxica do capital. Agora tivemos a oportunidade de vela en acción. A partir de todo o analizado é posible obter varias conclusións de enorme relevancia:

- As crises económicas son inevitables. Durante os períodos de expansión económica prodúcese unha intensa contradición entre a acumulación de capital e a rendibilidade. Esas contradicións non nacen de factores conxunturais, senón que teñen o seu fundamento nos principios máis profundos do propio sistema. Para evitar as crises, habería que impedir, por exemplo, que os capitais competiran entre si, ou que deixaran de guiarse pola busca de ganancias. Semellante cousa é absolutamente imposible na medida en que se manteña a propiedade privada e o mercado.

- O desemprego é un fenómeno estrutural. Non se trata dunha catástrofe natural ou dun desgraciado accidente. Sen desocupación, os capitalistas non poderían manter a raia aos salarios e as demandas sindicais, que terminaría erosionando o pilar máis esencial sobre o que se erixe o modo de produción capitalista: a explotación do traballo asalariado. A necesidade da desocupación como forma de controlar á clase traballadora intensifícase durante as crises, pero non desaparece durante os períodos de crecemento, como ben o ilustra o papel xogado pola introdución de maquinaria na substitución de man de obra.

- A produción e o traballo seguen a ser os factores chave. Nas análises tanto sobre a última crise de 2008 como sobre o funcionamento do capitalismo nas últimas décadas, moitos intelectuais de cariz reformista e keynesiano tenden a poñer o seu centro de atención nos fenómenos do mundo das finanzas. Afirmar que o crecemento económico baseouse fundamentalmente na especulación financeira, e que a crise debeuse á falta de controis sobre un conxunto de novos e opacos produtos financeiros –CDS, CDO, MBS, etc. A realidade é que, como vimos máis arriba, os beneficios das entidades financeiras dependen no fundamental da saúde dos negocios nos sectores

produtivos. Pensar que se pode xerar riqueza e valor durante anos e anos mediante a simple compra e venta de papeis é caer nun vulgar fetichismo financeiro.

No referido as crises, estes autores ignoran tamén algunhas das causas máis profundas do acontecido en 2008. O boom inmobiliario non naceu da nada, alimentouse de capitais que proviñan das economías asiáticas emerxentes e da industria de Estados Unidos. Nas décadas dos 90 estas economías e ramos da produción mantiñan un alto dinamismo e reinvestían os seus beneficios nos seus propios negocios, pero iniciándose a década dos 2000 as oportunidades de realizar novos investimentos rendíbeis comezaron a esgotarse, debido aos mencionados problemas da sobreprodución e a LTDTG.

Politicamente, o perigo destas teses reside en que despraza o papel da clase obreira e o traballo como elemento central do sistema capitalista. Ademais, ao fixar tanto a atención no capital financeiro, tende a desdebuxar a contradición principal, que opón ao conxunto da clase obreira fronte a burguesía, resaltando como posibles aliados dos traballadores ao capital industrial. Pese a que pode haber pequenas disputas e contradicións internas, ambos tipos de capitalistas comparten esencialmente os mesmos intereses, pois ambos se nutren da explotación do traballo.

- A competencia leva indefectiblemente á concentración e centralización do capital. As empresas menos produtivas, incapaces de manterse no mercado, desaparecen ou son absorbidas polas empresas máis competitivas. Afianzase así unha tendencia de polarización social crecente. Por un lado, un reducidísimo grupo de explotadores concentran unha porción de riqueza maior cada día. Polo outro, aparece unha masa cada vez máis inmensa de proletarios desposuídos, que dependen da venta da súa forza de traballo para poder subsistir. Moi ao pesar de aqueles que afirman que a clase traballadora é unha cousa do pasado, o certo é que todas as cifras estatísticas confirman un ascenso porcentual no número de persoas asalariadas.

#### **4. Conclusións políticas. A importancia de entender o capitalismo**

Unha das consecuencias políticas máis relevantes que se deducen da existencia de fenómenos sociais obxectivos é que existen límites ao que a clase traballadora pode conseguir no marco do capitalismo.

Un dos exemplos máis claros a este respecto constitúeo a loita por melloras salariais. A través da súa actividade sindical, a clase obreira pode e debe conseguir subidas nos soldos. Porén, ao facelo dificultan o proceso de explotación, rebaixando a extracción de plusvalía, que é o fundamento último de toda ganancia. Se o nivel dos salarios chega a poñer en grave perigo os beneficios dos capitalistas, estes poden decidir substituír forza de traballo por máquinas ou, e se elo non é posible, darase unha crise provocada pola caída da Taxa de Ganancia.

A loita contra o paro choca con límites moi similares. Como xa comentamos, a desocupación é a arma máis relevante coa que conta o capital para manter a raia as demandas laborais. Se desaparecera, sería imposible manter un adecuado nivel de explotación do traballo. Neste mesmo sentido, as indemnizacións por despido e os subsidios aos desempregados xogan igualmente un papel contraproducente desde o punto de vista burgués, pois reducen a presión que sinte o traballador de aceptar altos graos de explotación debido a carencia de recursos.

Por suposto esta clase de límites non son ríxidos, senón que varían en función de circunstancias moi diversas. Así, por exemplo, será moito máis complicado que a clase obreira logre conquistas sociais relevantes nun marco de crise, caracterizado por elevadas taxas de desemprego e unha baixa rendibilidade. Nestas circunstancias o normal é que a loita obreira adopte un carácter defensivo, procurando evitar na medida do posible a degradación das súas condicións de vida e de traballo. Aínda así, en última instancia, esa degradación resulta inevitable, toda vez que constitúe unha das formas nas que o capital logra recompoñer unha adecuada Taxa de Ganancia. O nivel das forzas produtivas xoga igualmente un papel importante. Vimos con anterioridade que

a mecanización da produción, ao reducir o valor dos bens de consumo, conduce a que os salarios teñan un peso relativo menor sobre o conxunto do investimento, é dicir, reduce os custos laborais. Iso significa que os capitais máis tecnoloxicamente avanzados teñen maior marxe para ceder ás demandas e peticións dos seus empregados. É unha das razóns polas que nos países atrasados a clase traballadora sofre unhas peores condicións de traballo.

A inadecuada comprensión destas e outras dinámicas do capitalismo leva aos partidos da esquerda e as organizacións sindicais a formular, en numerosas ocasións, propostas e ideas incoherentes. Por exemplo, a idea de que se pode saír da crise subindo os salarios para aumentar o consumo e incentivar o crecemento económico ignora por completo o papel que xoga a explotación no sistema capitalista. Non existe nin unha soa crise na historia do capitalismo da que se saíra dunha forma favorable aos intereses dos traballadores, un feito empírico e demostrable que non ten nada de casual.

Entender a lóxica do sistema axuda tamén a dirixir críticas profundas cara o mesmo, en lugar de centrarse en fenómenos máis circunstanciais, o que axuda a formar unha conciencia de clase anti-capitalista e revolucionaria. Se ao falar da reforma laboral de 2012 nos limitamos, como se fai tantas veces, a criticar ao PP, sinalando que este partido é neoliberal e favorable aos empresarios, a conclusión lóxica dos traballadores será que hai que cambiar ao partido gobernante por outro que sexa progresista e de esquerdas. En cambio, se sinalamos que esa reforma responde a necesidade que ten o capital de recompoñer a Taxa de Ganancia nunha situación de crise, e que ademais está en concordancia coas políticas que se levan facendo en materia laboral baixo todo tipo de gobernos desde a Transición, estaremos dando a entender que os problemas teñen causas profundas e sistémicas.

A conclusión central de todo o exposto ata aquí sería que en tanto existan relacións sociais capitalistas, os problemas que sofre a clase traballadora non teñen solución posible. Ao sumo podemos aspirar a lograr mediadas paliativas, que desaparecerán rapidamente cando a correlación de forzas políticas ou o ciclo económico se tornen máis desfavorables. Deste xeito, é posible conxugar

a loita económica e sindical que realizan diariamente os traballadores cunha visión crítica profunda, que axuda a orientar as loitas e darlles unha perspectiva estratéxica socialista, revolucionaria e superadora do sistema.



**isca!**

**le, copia, distribúe, difunde!**